Síntese: OS FUNDAMENTOS DA MORALIDADE

1. A DIMENSIÓN CONSTITUTIVAMENTE MORAL DO SER HUMANO

O resultado final do proceso evolutivo da nosa especie trouxo consigo:

- **A liberdade humana:** baseada nas seguintes características específicas
  a) Certo déficit instintivo.
  b) Unha capacidade cranial que permite unha actividade racional, simbolizadora e comunicativa.
  c) Unha enorme e peculiar capacidade cooperadora.

  A "liberdade" é a capacidade de elixir e decidir as propias accións. Hai dous aspectos básicos implicados nela:
  a) Cara negativa: *indeterminación*, ou ausencia de mecanismos e instancias coactivas que impidan a elección: "liberdade de…"
  b) Cara positiva: apertura de posibilidades, capacidade para inventar e construír opcións: "liberdade para…".
- **A responsabilidade humana**

  A necesidade ineludible do ser humano de elixir e decidir a propia conduta implica responsabilidade: facerse cargo e ter que "responder" das consecuencias das eleccións e decisións tomadas.

As accións ou condutas morais son só aquelas que se encamiñan á definición e consecución de fins últimos (a felicidade e a xustiza), fronte ás accións técnicas que se dirixen só a obxectivos inmediatos ou inter-medios.(á eficacia puramente instrumental).

"Ben" e "mal" moral: os valores e as normas:

Cando nos referimos a "accións morais", "bo" e "malo" expresan a consecución ou non consecución de fins últimos, morais.

Os obxectivos e fins últimos convértense en "valores", altamente estimados, chamados de dirixir a conduta de quen os proxecta e formula.

Ao carón dos valores xorden as "normas" morais: regras que regulamentan a conduta do individuo cara a consecución dun valor moral.

2. A SOCIALIZACIÓN MORAL

Cando un individuo chega ao mundo xa existen uns valores e normas morais asentados polas xeracións anteriores na súa sociedade.

Os novos individuos -nenos e despois adolescentes- interiorizan normalmente eses valores sen revisalos nin modificalos.

O efecto da socialización moral é moi poderoso no contorno familiar impregnado dunha forte carga afectiva na infancia, e adoita ser decisivo para o resto da vida do individuo, co risco de diminuír a súa capacidade de elección e decisión libre e persoal, e coa conseguinte merma da responsabilidade moral.

2.1 As teorías reducionistas da socialización moral

As teorías psicolóxicas explicativas da aprendizaxe dan enorme importancia á modelación producida pola socialización no campo moral.

Algunhas destas teorías van máis alá e sosteñen que a liberdade moral do individuo queda anulada na práctica polo peso da socialización. Destacan:

a) A Psicanálise clásica: afirma que a liberdade do individuo queda definitivamente apreixada pola *introxección* na infancia da moral paterna. Esta *introxección* ou interiorización maniféstase na conciencia moral do individuo a través da imaxe dun *super-eu* imperativo e ameazante, que non é mais que un trasunto da figura do pai do que non poderá desprenderse ao longo de toda a vida.
b) O Condutismo: afirman igualmente que toda a aprendizaxe levada a cabo no proceso de socialización acaba eliminando a liberdade do individuo e conformándoo ás normas e valores sociais establecidos.

2.2 As teorías complexas da socialización moral

Outras teorías explican a propia socialización moral dun xeito mais complexo. Destaca a chamada Psicoloxía "xenética" de J. Piaget e os seus seguidores:
Segundo Piaget:

- A socialización moral na infancia non se leva a cabo só no ámbito familiar senón tamén, e fundamentalmente, no seo do "grupo de pares".
- A tendencia natural á simpatía, irase incrementando e abrindo cara os iguais, cos que empezará a entenderse e cooperar intensamente.
- Ao longo de toda a adolescencia, a participación na actividade do grupo, sobre todo en forma de xogos regulamentados, será decisiva para a evolución das súas estruturas morais: desenvolver a lóxica racional da a) *empatía*, poñerse no lugar do outro, e b) as ideas de reciprocidade e igualdade como expresión da lóxica *reversible* e *universal* das normas.

3. DA HETERONOMÍA Á AUTONOMÍA MORAL

Os conceptos de heteronomía e autonomía moral

- O termo "autonomía moral", acuñado polo filósofo ilustrado I.Kant, indica a capacidade para elixir, decidir e actuar moralmente por un mesmo (*autós* significa en grego "si mesmo" e *nomos* lei): significa o exercicio consciente da liberdade moral.
- Pola contra, "heteronomía moral" indica que as decisións son impostas, mais ou menos *inconscientemente,* con escaso ou nulo papel de vontade propia (héteros en grego significa "outro"): significa o sometemento a presións *exteriores* (autoridades, tradicións, costumes, etc. asumidas sen exame critico), ou a presións *interiores* (medos, desexos incontrolados, sentimentos cegos, etc) sobre as que non existe un verdadeiro control.

A conquista da autonomía moral

- A conformación moral inicial dun individuo é sempre heterónoma.
- O desenvolvemento normal posterior da personalidade abrirá a posibilidade dunha conquista progresiva da autonomía moral.

L. Kohlberg, un dos grandes investigadores da xénese e evolución da moralidade do individuo, distingue 3 niveis na evolución da moralidade:

a) Nivel pre-convencional: caracterizado por un forte egocentrismo.
b) Nivel convencional: caracterizado pola identificación do individuo co grupo do que forma parte. Busca da conformidade e aprobación social.
c) Nivel post-convencional: caracterizado pola autonomía e independencia.